

PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de febreiro de 2020 de concesión de subvención ao abeiro do **PLAN CONCELLOS 2020 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (BOPPO nº 1 do xoves 2 de xaneiro de 2020)** no que será subvencionable a contratación de persoas desempregadas para a prestación de servizos mínimos de competencia municipal, de interese xeral e social, tendo en conta a normativa aplicable.

DISPOÑO:

- Incóese expediente para a contratación de **9 persoas desempregadas** inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
- Os contratos a formalizar serán a xornada completa de 37,5 horas semanais, por un período de 8 meses, clasificados no grupo E. Desenvolverán traballos de interese xeral ou social indispensables para o bo funcionamento da comunidade e o benestar dos veciños.
- Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, así coma as preferencias reflexadas na propia convocatoria, o preceptivo certificado de existencia de crédito e demais documentación complementaria prevista na Lei.

Documento asinado electrónicamente á marxe.

